



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### ANUNCIO TABOLEIRO DE EDICTOS E PÁXINA WEB DO CONCELLO DE BOIMORTO

Por Decreto de Alcaldía nº 209/2017 de data 06/06/2017 aprobouse nomear persoal laboral temporal a tres péons para obras e servizos mínimos municipais do Concello de Boimorto do Programa de integración laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña, cuxo contido se reproduce a continuación:

<< **Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal tres peóns programa de integración laboral de obras e servizos mínimos municipais

#### **DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Vista a proposta de nomeamento de tres peóns para obras e servizos mínimos municipais Programa de integración laboral como persoal laboral temporal, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 151 de data 08/05/2017, e segundo consta na acta do Tribunal cualificador deste persoal laboral temporal de data 06/06/2017.

Vista a aprobación da concesión das achegas do Programa de Integración Laboral publicada no BOP núm. 63 do 03/04/2017, concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención total de 22.000 euros ( cod. Exp. 2017000002205).

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como peóns para obras e servizos mínimos municipais a Gendo Liñeira Casal con DNI 78786784P, Antonio Enjamio Blanco con DNI 33279429Q e Álvaro Espiñeira Pazos con DNI 78809660E.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base novena á presentación polos interesados da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto aos seleccionados indicados no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta dos traballadores na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 12/06/2017.

BOIMORTO, martes 6 de xuño de 2017

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ

>>

### RECURSOS:

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Boimorto, o xoves 8 de xuño de 2017

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

